

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por INTERVENCIÓN GENERAL. AYO A CORUÑA a las 10:30 del día 14/07/2023. Dir. Área de Economía, Facenda e Réxime Interior (MANUEL ANGEL JOVE LOSADA) a las 10:33 del día 17/07/2023, Concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana, José Manuel Lage Tuñas (JOSE MANUEL LAGE TUNAS) a las 08:58 del día 18/07/2023 y por ACTIVIDAD CORPORATIVA. AYO A CORUÑA a las 08:58 del día 18/07/2023. Mediante el código de verificación 5Y6G2P6V462D5A3L0AGB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/Anotada en el Libro de Resoluciones por delegación de la JGL con el núm. COR/RES/13577/2023 el 18/07/2023



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/13577/2023 18/07/2023

Area / Unidade RR.HH PE0000 AMG	Documento 10817I07P9	
Código de verificación  5Y6G 2P6V 462D 5A3L 0AGB	Expediente 108/2023/1043	
	Data 14-07-2023	

Asunto: Cobertura, en comisión de servizos, do posto de Xestor Económico-Orzamentario (ref. posto 76).

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- A Xefa de Departamento de Orzamentos e Estudos Económicos co conforme do Director de Economía, Facenda e Réxime Interior, remite ao Servizo de Recursos Humanos unha solicitude de convocatoria pública para a cobertura, mediante comisión de servizos, do posto de Xestor Económico-Orzamentario, nº de referencia 76.

Dita cobertura temporal de posto solicítase debido a que dúas das persoas nomeadas como funcionarios de carreira nas prazas de técnico medio de xestión (BOP de 29/05/2023) e que tomaron posesión nestes postos, con referencia nº 76 e 2192, solicitaron unha excedencia e, polo tanto, quedan sen cubrir. A cobertura destes postos, esenciais nos diferentes servizos, é imprescindible para evitar prexuízos no correcto funcionamento das xestións económico orzamentarias; de non cubrirse, implicaría a paralización dos expedientes de gasto do servizo, o retraso na tramitación as facturas (o que tería a súa consecuencia negativa no cumprimento do período medio de pago) e que non poda garantirse o funcionamento óptimo dos servizos afectados.

Todo o anterior, fai que resulte necesario, por causas de urxencia e extraordinaria necesidade, a cobertura temporal do posto de Xestor Económico-Orzamentario, nº referencia 76, para o desenvolvemento das funcións de xestión económico orzamentaria do servizo ao que está adscrito.

Segundo.- O Servizo de Recursos Humanos publica un anuncio de convocatoria para a cobertura temporal, entre outros, do seguinte posto de traballo:

1. Xestor Económico Orzamentario (referencia 76).

No citado anuncio, indícase que o persoal funcionario de carreira, que conforme a RPT vixente e as normas de xestión, reúnan os requisitos necesarios para a ocupación de este posto de traballo e que queiran participar nesta convocatoria, deberán presentar a correspondente solicitude nun rexistro municipal ou na sede electrónica, acompañada dun currículo, no prazo de 5 días hábiles, a contar desde a publicación deste anuncio.

Terceiro. As características do posto de traballo a cubrir, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo vixente, son as que se detallan na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
---------	--------	--------------	-------	-----------	---	---	-----	------

Orzamentos e Estudos Económicos	SH0000	Orzamentos e Estudos Económicos	Xestor/a Económico-Orzamentario	76	A2	22	AX	FR09 ED
---------------------------------	--------	---------------------------------	---------------------------------	----	----	----	----	---------

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira.- O artigo 96 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, regula a comisión de servizos voluntaria, onde establece que os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira pódense prover excepcionalmente e de maneira temporal mediante unha comisión de servizos voluntaria. O artigo 64.6 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado establece que aos funcionarios en comisión de servizos reservaráselles o posto de traballo, o que hai que relacionar que o apartado 8 do art. 4 do Decreto 92/1991 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia dispón que a comisión de servizos será desempeñada voluntariamente salvo nos casos de carácter forzoso.

Así mesmo, o artigo 30 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da CCAA de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico, establece que o persoal funcionario de carreira con destino definitivo poderá ocupar, excepcionalmente e de maneira temporal, un posto de traballo en comisión de servizos de carácter voluntario sempre e cando pertenza ao corpo ou escala e reúna os demais requisitos que estableza a correspondente relación de postos de traballo.

As comisións de servizos poderán acordarse, entre outros supostos, para desenvolver un posto de traballo cando estea vacante; entendendo que un posto está vacante cando non ten titular, cando o seu titular estea ocupando outro posto en comisión de servizos ou cando estea de permiso por parto, permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, ou permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción dun fillo ou filla.

O posto da RPT nº 76 de Xestor Económico-Orzamentario, actualmente atópase vacante.

Segunda.- O xefe de Servizo de Recursos Humanos, co conforme do Director da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior, en informe con código de verificación 2G2I 4466 2W6Y 6O1E 0U25, unha vez examinadas as solicitudes recibidas e os CV dos candidatos presentados, así como a xefa de Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos no informe con código de verificación 5B1J 4Y6W 1B07 323J 0PA1 emiten unha proposta de nomeamento de Dona Marta García Ramón, en comisión de servizos, no posto de Xestor Económico-Orzamentario, (nº ref. 76) por ser a candidatura mais idónea, de conformidade cos factores considerados esenciais e prioritarios no apartado da valoración comparativa das persoas candidatas. Todos estes méritos de maior idoneidade facilitan o desenvolvemento inmediato e eficaz (art. 103 C.E.) das tarefas que motivaron a tramitación urxente desta comisión de servizo para cubrir o posto que ten que desenvolver as tarefas e funcións relacionadas.

Terceira.- Cómpre indicar, en relación á motivación da adxudicación dun posto en comisión de servizos á persoa considerada máis idónea, a sentenza nº 472/2022 do 1 de xuño de 2022 do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, a cal establece que ao tratarse dun sistema excepcional e temporal non require un proceso de selección ordinario no que exista unha publicitación dun baremo e unha valoración provisional de méritos. A comisión de servizos é unha vía excepcional de provisión temporal dun posto



de traballo cuxa cobertura resulta necesaria e urxente a través da designación do persoal funcionario de carreira que resulte idóneo e cumpra as esixencias para o seu eficiente desempeño. Por tanto, esa nota de urxencia e idoneidade, outórgalle un plus de discrecionalidade á Administración convocante, respectando sempre os principios de igualdade, mérito e capacidade.

Considerando a urxente necesidade de cobertura do posto de Xestor Económico-Orzamentario, (nº ref. 76) e co fin de que non se produza discontinuidade no funcionamento do Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos, e tendo en conta o disposto nos arts. 81 e 84 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o art. 101 da Lei de Bases de Réxime Local e o art. 96 e ss da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e o art. 3 do Decreto da Xunta de Galicia 93/1991 de 20 de marzo e demais normas concordantes, así como que a funcionaria proposta reúne os requisitos, procede destinar a Dona Marta García Ramón, en comisión de servizos, ao posto de traballo de Xestor Económico-Orzamentario co número 76 na RPT.

Cuarta.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será ata o 30 de setembro de 2023. Dita comisión de servizos pode prorrogarse un ano máis ou ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

As características do citado posto de traballo son as seguintes:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Orzamentos e Estudos Económicos	SH0000	Orzamentos e Estudos Económicos	Xestor/a Económico-Orzamentario	76	A2	22	AX	FR09 ED

Quinta. O posto de orixe de Dona Marta García Ramón, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo, descríbese na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Servizos Xerais de Benestar	SB1000	Servizos Xerais de Benestar	Técnico/a Medio de Xestión	1514	A2	20	AX	FR09

Sexta.- Os custos que xenere esta comisión de servizos atópanse orzados no grupo de programa 931, existindo crédito adecuado e suficiente para iso.

Sétima.- O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 05/07/2023 (BOP nº 131 de 11/07/2023), atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal ao concelleiro delegado de Economía, e Planificación Urbana.

Á vista do informe emitido polo Servizo de Recursos Humanos, o Concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Urbana por delegación da Xunta de Goberno Local do 05/07/2023 (BOP núm. 131 do 11/07/2023), en uso das facultades que ten conferidas,

RESOLVE:

1. Destinar a Dona Marta García Ramón (NIF **9080***), en comisión de servizos, ao posto de Xestor Económico-Orzamentario (nº ref. 76).

As características do posto a ocupar son as descritas na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Orzamentos e Estudos Económicos	SH0000	Orzamentos e Estudos Económicos	Xestor/a Económico-Orzamentario	76	A2	22	AX	FR09 ED

Os efectos económicos e administrativos desta comisión de servizos serán os do día da formalización da correspondente acta de aceptación.

2.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será ata o 30 de setembro de 2023. Dita comisión de servizos pode prorrogarse un ano máis ou ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

3.- Notificar a presente resolución á interesada, á xefa de Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos e á Dirección da Área de Igualdade, Benestar e Participación.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.
Concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana
José Manuel Lage Tuñas